

Comisión de Enxeñaría Informática

REUNIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2019

A Comisión de Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 10:15 horas na sala x3.2 da ETSE, coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Antonio Mosquera Gonzalez, Presidente
- D. David López Vilariño, Secretario
- D. José C. Cabaleiro Domínguez
- D. Francisco J. Pena Brage
- Dna. María Del Carmen Palacios Oubiña
- D. José Ramón Ríos Viqueira

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 14 de novembro de 2019
2. Informes
3. Accións de mellora curso 2019/2020
4. Informes docentes
5. Rolda aberta de intervencións

ACORDOS

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 14 de novembro de 2019. Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O coordinador do GrEI informa de que o día 21 de novembro tivo lugar a reunión anual de coordinación cos docentes do GrEI e o día 12 de decembro a reunión de avaliación cos estudantes, recollidas no plan executivo de calidade da ETSE. Recóllese no anexo a acta da reunión cos docentes. A reunión cos estudantes levouse cabo cos seus representantes. A esta reunión asistiron todos os delegados de curso e máis un novo delegado dos estudantes do Dobre Grao. Os temas tratados foron os mesmos que na reunión cos profesores. Ademais se lles fixo o encargo de reformular a xestión de queixas e suxestións sobre a docencia (acción de mellora AM-GrEI3, curso 2018/19).

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

3. Accións de mellora para o curso 2019/20.

Proponse inicialmente catro accións de mellora (anexo). Ademáis, na reunión proponse unha quinta acción de mellora destinada a promocionar os programas de mobilidade nos primeiros cursos.

4. Informes docentes

Sete profesores do GrEI solicitan informe docente para a convocatoria de complemento por méritos docentes: María José Carreira Nouche, José Carlos Cabaleiro Domínguez, Juan Carlos Pichel Campos, Manuel Mucientes Molina, Elena Vázquez Cendón , Rosa María Crujeiras Casasis e Francisco Santiago Argüello Pedreira. A Comisión decide emitir informe moi favorable en todos os casos.

6. Rolda aberta de intervencións

Non hai intervencións

As 11:15 remata a reunión da que, como Secretario, estendo esta acta.

ANEXOS